

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DO 27 DE SETEMBRO DE 2019

Na Sala de reunións do Servizo de Contratación da Casa do Concello de Vigo, ás 10:05 horas do día 27 de setembro de 2019, reúnese a Mesa de Contratación do Concello de Vigo convocada pola presidenta o 24 de setembro, para tratar os asuntos da orde do día que figuran na convocatoria.

Asisten á reunión da Mesa de Contratación:

Presidenta: D^a. Patricia Rodríguez Calviño

Vocais: D^a. María Isabel Fernández Gabriel, vogal suplente da titular da Asesoría Xurídica
D^a. Olga Gómez Corbal, vogal suplente do interventor xeral
D^a. Susana Gallardo Fariña, vogal suplente do secretario xeral do Pleno
D. Óscar Couce Senra, xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario da Área de Fomento (asiste aos puntos 5c, 6c e 14a)
D^a. María Gómez Janeiro, xefa da Unidade de Patrimonio Histórico (asiste ao punto 3b)
D^a. María José Loureiro Bada, xefa do Servizo de Educación (asiste ao punto 11b)

Secretaria: D^a. Ángela Fernández López, suplente da xefa do Servizo de Contratación

Aberta a sesión pola Sra. presidenta procédese a tratar os puntos incluídos na orde do día:

1.- Incidencias

a) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de atención ao público en dependencias da rede de museos municipais (2.299-341) (ampliación do prazo de emisión do informe de valoración das proposicións avaliábeis mediante xuízo de valor)

A secretaria pon en coñecemento dos membros da Mesa que con data do 20 de setembro de 2019 o Servizo de Museos Municipais comunicou a imposibilidade de emitir o informe de valoración das proposicións avaliábeis mediante xuízo de valor dentro do prazo concedido para o efecto.

2.- Apertura administrativa/Cualificación da documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos previos

a) Procedemento aberto para a contratación do servizo de prevención alleo (SPA) para a realización da avaliación inicial de riscos psicosociais do Servizo de Festas e revisión da avaliación de riscos psicosociais no Servizo de Bombeiros (710-2202)

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta



no certificado expedido polo Rexistro Xeral e na plataforma de licitación electrónica e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co único licitador presentado. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el.

A continuación procédese á cualificación dos documentos que compoñen o sobre A "Documentación persoal", tras a súa descriptación pola Secretaría e a Presidencia, e acórdase, por unanimidade, admitir neste procedemento a QUIRÓN PREVENCIÓN, S.L.U. por ter presentado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos.

4.- Apertura da documentación técnica

a) Procedemento aberto para a contratación do servizo de prevención alleo (SPA) para a realización da avaliación inicial de riscos psicosociais do Servizo de Festas e revisión da avaliación de riscos psicosociais no Servizo de Bombeiros (710-2202)

Pola Secretaría e a Presidencia procédese á descriptación dos documentos que compoñen o sobre B "Proposición avaliable mediante xuízo de valor" do único licitador presentado e admitido.

A proposición contén un arquivo de 49 páxinas.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación técnica ao servizo xestor.

5.- Entrega e, no seu caso, aceptación dos informes de valoración dos criterios avaliables mediante xuízo de valor nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos

a) Procedemento aberto dos servizos de catalogación e proxecto piloto para a dixitalización do arquivo municipal (8629-113)

Retírase este asunto da orde do día.

b) Procedemento aberto simplificado para a contratación de servizos de control arqueolóxico do proxecto de recuperación e posta en valor da muralla de o castro, así como o estudo de paramento (9.515-307)

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses cos licitadores.

Entrégase o informe asinado pola xefa da Unidade de Patrimonio Histórico o 23 de setembro de 2019 de valoración do sobre B "proposición avaliable mediante xuízo de valor" que é aceptado por unanimidade dos membros da Mesa.

Acto seguido publícase no perfil de contratante.

c) Procedemento aberto para a contratación das obras de "humanización estrada provincial 2001- Calvario A Garrida. Tramo Igrexa de Beade A Garrida (PO 330), lugar de Porto" (108-441)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 19/04/2024 03:35	Páxina 2 de 12
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AEAH4H-582C2H-2H37E5-MMQBQH-PFERXN-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses cos licitadores.

Entrégase o informe asinado pola enxeñeira industrial de Vías e Obras, o técnico medio en Topografía da Área de Fomento, o enxeñeiro de Camiños Canais e Portos da Área de Servizos Xerais e o xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario da Área de Fomento o 24 de setembro de 2019 de valoración do sobre B “*proposición avaliable mediante xuízo de valor*” que é aceptado por unanimidade dos membros da Mesa.

Acto seguido publícase no perfil de contratante.

6.- Apertura económica

a) Procedemento aberto dos servizos de catalogación e proxecto piloto para a dixitalización do arquivo municipal (8629-113)

Retírase este asunto da orde do día.

b) Procedemento aberto simplificado para a contratación de servizos de control arqueolóxico do proxecto de recuperación e posta en valor da muralla de o castro, así como o estudo de paramento (9.515-307)

Pola Secretaría e a Presidencia procédese, en acto público, á descriptación dos documentos que compoñen o sobre C “*Proposición avaliable mediante fórmula*” dos licitadores presentados e admitidos co seguinte resultado:

D. FRANCISCO JAVIER CHAO ÁLVAREZ

1.- Propón un prezo total do contrato de 94.186,40 euros.

2.- Acredita unha maior experiencia dos medios persoais técnicos esixidos no apartado 5.F das FEC do prego de cláusulas administrativas particulares:

a) Arqueólogo/a, historiador con especialidade en arqueoloxía ou titulación equivalente:

- 10 intervencións arqueolóxicas en castelos ou fortalezas catalogadas ou con análoga protección cultural.
- 10 intervencións arqueolóxicas en castros ou xacementos arqueolóxicos catalogados ou con análoga protección cultural.

b) Arqueólogo/a, historiador con especialidade en arqueoloxía ou titulación equivalente, especialista en estudo de paramentos:

- 8 intervencións de obra de intervención en estudos de paramentos en castelos ou fortalezas catalogadas ou con análoga protección cultural.
- 8 intervencións en estudos de paramentos en castros, ou edificacións catalogadas ou con análoga protección cultural.

3.- Propón un incremento do persoal a maiores dos medios persoais esixidos no apartado 5.F das FEC do prego de cláusulas administrativas particulares:



a) Un/unha técnico/a coa titulación superior de enxeñeiro ou arquitecto, con experiencia de ó menos 5 anos en obras de rehabilitación ou restauración de estruturas de fábrica de pedras con protección histórica: si

b) Un/unha técnico/a coa titulación superior de conservación e restauración de bens culturais, con experiencia profesional de alomenos cinco anos de traballos propios da titulación: si

D^a. ENRIQUETA LÓPEZ RODRÍGUEZ

1.- Propón un prezo total do contrato de 91.860,78 euros.

2.- Acredita unha maior experiencia dos medios persoais técnicos esixidos no apartado 5.F das FEC do prego de cláusulas administrativas particulares:

a) Arqueólogo/a, historiador con especialidade en arqueoloxía ou titulación equivalente:

- 10 intervencións arqueolóxicas en castelos ou fortalezas catalogadas ou con análoga protección cultural.
- 10 intervencións arqueolóxicas en castros ou xacementos arqueolóxicos catalogados ou con análoga protección cultural.

b) Arqueólogo/a, historiador con especialidade en arqueoloxía ou titulación equivalente, especialista en estudo de paramentos:

- 8 intervencións de obra de intervención en estudos de paramentos en castelos ou fortalezas catalogadas ou con análoga protección cultural.
- 8 intervencións en estudos de paramentos en castros, ou edificacións catalogadas ou con análoga protección cultural.

3.- Propón un incremento do persoal a maiores dos medios persoais esixidos no apartado 5.F das FEC do prego de cláusulas administrativas particulares:

a) Un/unha técnico/a coa titulación superior de enxeñeiro ou arquitecto, con experiencia de ó menos 5 anos en obras de rehabilitación ou restauración de estruturas de fábrica de pedras con protección histórica: si

b) Un/unha técnico/a coa titulación superior de conservación e restauración de bens culturais, con experiencia profesional de alomenos cinco anos de traballos propios da titulación: si

ÁRBORE, SOCIEDADE COOPERATIVA GALEGA

1.- Propón un prezo total do contrato de 99.775,39 euros.

2.- Acredita unha maior experiencia dos medios persoais técnicos esixidos no apartado 5.F das FEC do prego de cláusulas administrativas particulares:

a) Arqueólogo/a, historiador con especialidade en arqueoloxía u titulación equivalente:

- 2 intervencións arqueolóxicas en castelos ou fortalezas catalogadas ou con análoga protección cultural.
- 10 intervencións arqueolóxicas en castros ou xacementos arqueolóxicos catalogados ou con análoga protección cultural.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 19/04/2024 03:35	Páxina 4 de 12
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AEAH4H-582C2H-2H37E5-MMQBQH-PFERXN-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



b) Arqueólogo/a, historiador con especialidade en arqueoloxía ou titulación equivalente, especialista en estudo de paramentos:

- 0 intervencións de obra de intervención en estudos de paramentos en castelos ou fortalezas catalogadas ou con análoga protección cultural.
- 1 intervencións en estudos de paramentos en castros, ou edificacións catalogadas ou con análoga protección cultural.

3.- Propón un incremento do persoal a maiores dos medios persoais esixidos no apartado 5.F das FEC do prego de cláusulas administrativas particulares:

a) Un/unha técnico/a coa titulación superior de enxeñeiro ou arquitecto, con experiencia de ó menos 5 anos en obras de rehabilitación ou restauración de estruturas de fábrica de pedras con protección histórica: non

b) Un/unha técnico/a coa titulación superior de conservación e restauración de bens culturais, con experiencia profesional de alomenos cinco anos de traballos propios da titulación: si

O único licitador que presenta documentación acreditativa dos medios persoais esixida no apartado 7B das FEC do PCAP é ÁRBORE, SOCIEDADE COOPERATIVA GALEGA.

Non asiste público á apertura.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda:

1. Conceder un prazo de tres días a D. FRANCISCO JAVIER CHAO ÁLVAREZ e D^a. ENRIQUETA LÓPEZ RODRÍGUEZ para que presenten a documentación esixida no apartado 6B do Anexo I -FEC- do prego de cláusulas administrativas particulares, acreditativa da maior experiencia dos medios persoais técnicos e do incremento do persoal a maiores, segundo o proposto nas súas ofertas, para que poida ser obxecto de valoración.

Lémbrese que unicamente se valorará a documentación que acredite exactamente o indicado nas súas proposicións, sen posibilidade ningunha de cambiar a súa oferta, e sempre que o ofertado existise antes de rematado o prazo de presentación das proposicións.

2. Transcorrido o prazo anterior, solicitar informe de valoración das proposicións avaliáveis a través de fórmula ao servizo xestor.

c) Procedemento aberto para a contratación das obras de "humanización estrada provincial 2001- Calvario A Garrida. Tramo Igrexa de Beade A Garrida (PO 330), lugar de Porto" (108-441)

Pola Secretaría e a Presidencia procédese, en acto público, á descriptación dos documentos que compoñen o sobre C "Proposición avaliábel mediante fórmula" dos licitadores presentados e admitidos co seguinte resultado:

	Licitador	Redución do prezo
1	CONSTRUCTORA SAN JOSÉ, S.A.	2.522.001,95
2	CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A.	2.334.929,46



	Licitador	Redución do prezo
3	XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L.	2.406.447,44
4	COPCISA, S.A.	2.722.649,60
5	CONSTRUCCIONES TABOADA Y RAMOS, S.L.	2.772.977,57
6	NAROM, S.L.	2.612.392,72
7	ORECO, S.A.	2.455.119,39
8	CIVIS GLOBAL, S.L.U.	2.431.280,07
9	EXTRACO CONSTRUCCIÓN E PROXECTOS, S.A.	2.864.691,94
10	CONSTRUCCIONES CERNADAS, S.L.	2.422.671,42
11	MOVIMIENTO DE ÁRIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L. (MARCONSA)	2.383.932,51

Asisten á apertura: D. Manuel Alonso Vasconcelos, con DNI ****.*62.26***, en representación da Federación Galega da Construción; D. D. Yevhen Zobal, con DNI ****.*45.35***, en representación de COPCISA, S.A.; D.Felipe Comesaña, con DNI ****.*09.54***, en representación de CIVIS GLOBAL, S.L.U.; e D. José Luis Antón Antón, en representación de XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L. As actas de asistencia asinadas figuran no correspondente expediente.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación económica ao servizo xestor.

11.- Propostas de adjudicación

a) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Construción de beirarrúas na rúa Abade Juan de Bastos - Matamá" (234-441)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Construción de beirarrúas na rúa Abade Juan de Bastos - Matamá" (234-441)

ANTECEDENTES

Primeiro.- A concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), o 6 de setembro de 2019 adoptou a



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 19/04/2024 03:35	Páxina 6 de 12
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AEAH4H-582C2H-2H37E5-MMQBQH-PFERXN-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

seguinte resolución:

“Primeiro.- Tomar razón do acordo adoptado pola Mesa de Contratación na sesión do 11 de xuño de 2019 polo que non se admite neste procedemento a NAROM, S.L. por ter indicado no Documento europeo único de contratación que a súa proposición é para o procedemento aberto para a Construción de beirarrúas na rúa Cantabria (expte. 233-441) e non ter emendado a documentación no prazo concedido.

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adjudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Construción de beirarrúas na rúa Abade Juan de Bastos - Matamá" (234-441) na seguinte orde descendente:

	Licitadores	Puntuación
1	OBRAS, REFORMAS Y SANEAMIENTOS, S.L.	97,48
2	NEXIA INFRAESTRUCTURAS, S.L.	96,61
3	CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A.	95,13
4	CONSTRUCCIONES CERNADAS, S.L.	93,81
5	CONSTRUCCIONES FECHI, S.L.	93,53
6	MOVIMIENTOS DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, SOCIEDAD LIMITADA	92,97
7	SODEIN SOLUCIONES INTEGRALES, S.L.	92,90
8	ACTIVIDADES DE CONSTRUCCION EDIFICACION Y VIALES, S.L.	92,84
9	SERVICIOS MEDIOAMBIENTALES DE MIÑO, S.L.	87,32
10	NEMESIO ORDOÑEZ, S.A.	85,87
11	CONSTRUCCIONES CASTRO-FIGUEIRO, S.L.	85,82
12	ORECO, S.A.	84,97
13	CONSTRUCCIONES VALE, S.L.	81,52
14	COPCISA, S.A.	20,53

Terceiro.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, OBRAS, REFORMAS Y SANEAMIENTOS, S.L., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.

Segundo.- Este acordo foi notificado ao licitador clasificado en primeiro lugar, OBRAS, REFORMAS Y SANEAMIENTOS, S.L., o día 10 de setembro de 2019, que presenta a documentación requirida o 24 de setembro, dentro do prazo concedido.

Terceiro.- A Mesa de Contratación na sesión do 27 de setembro de 2019 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos



membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar OBRAS, REFORMAS Y SANEAMIENTOS, S.L., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por OBRAS, REFORMAS Y SANEAMIENTOS, S.L., de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliábeis mediante xuízo de valor e das proposicións avaliábeis mediante fórmula, de datas 27 de agosto e 3 de setembro de 2019, respectivamente.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar a OBRAS, REFORMAS Y SANEAMIENTOS, S.L. o procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Construción de beirarrúas na rúa Abade Juan de Bastos - Matamá" (234-441) por un prezo total de 152.057,32 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 26.390,11 euros.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 19/04/2024 03:35	Páxina 8 de 12
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AEAH4H-582C2H-2H37E5-MMQBQH-PFERXN-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



b) Procedemento aberto para a contratación de servizos auxiliares necesarios para o funcionamento dun aula de estudo sita no edificio auditorio-Pazo de Congressos (23.062-332)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación de servizos auxiliares necesarios para o funcionamento dun aula de estudo sita no edificio auditorio-Pazo de Congressos (23.062-332)

ANTECEDENTES

Primeiro.- A concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), o 12 de setembro de 2019 adoptou a seguinte resolución:

“Primeiro.- Tomar razón da exclusión acordada pola Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na sesión do 6 de agosto de 2019, de GRUPO SIFU GALICIA, S.L., por exceder a súa oferta económica o orzamento base de licitación correspondente á parte fixa do contrato.

Segundo.- Excluir deste procedemento aos seguintes licitadores, por conter as súas ofertas valores anormais ou desproporcionados, sen que se tivesen xustificadas, ben porque non presentaron xustificación ningunha en prazo ou porque non se cumpren os requisitos para consideralas xustificadas consonte o informe asinado pola xefa do Servizo de Educación o 9 de setembro de 2019:

1. SAMYL, S.L.
2. MULTISERVICIOS EMPRESARIALES LARGO, S.L.
3. EULEN CEE, S.A.

Terceiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación de servizos auxiliares necesarios para o funcionamento dun aula de estudo sita no edificio auditorio-Pazo de Congressos (23.062-332) na seguinte orde descendente:

	Licitadores	Puntuación total
1	INTEGRA MANTEMENTO XESTIÓN E SERVIZOS INTEGRADOS CENTRO ESPECIAL DE EMPLEO	88,75
2	SERVICIOS SECURITAS, S.A.	88,05



3	RANDSTAD PROJECT SERVICES	65,02
4	DIMOBA SERVICIOS, S.L.	61,86
5	ALIANZAS Y SUBCONTRATAS, S.A.	37,11

Cuarto.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, INTEGRA MANTEMENTO XESTIÓN E SERVIZOS INTEGRADOS CENTRO ESPECIAL DE EMPLEO, para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.

Segundo.- Este acordo foi notificado ao licitador clasificado en primeiro lugar, INTEGRA MANTEMENTO XESTIÓN E SERVIZOS INTEGRADOS CENTRO ESPECIAL DE EMPLEO, o día 12 de setembro de 2019, que presenta a documentación requirida o 24 de setembro, dentro do prazo concedido.

Debido á existencia dun erro no importe da garantía definitiva requirida ao licitador na notificación de data 12 de setembro, o licitador completou con data 27 de setembro a garantía definitiva depositada ata o importe do 5% do prezo de adxudicación excluído o IVE.

Terceiro.- A Mesa de Contratación na sesión do 27 de setembro de 2019 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar INTEGRA MANTEMENTO XESTIÓN E SERVIZOS INTEGRADOS CENTRO ESPECIAL DE EMPLEO, como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 19/04/2024 03:35	Páxina 10 de 12
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AEAH4H-582C2H-2H37E5-MMQBQH-PFERXN-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por INTEGRA MANTEMENTO XESTIÓN E SERVIZOS INTEGRADOS CENTRO ESPECIAL DE EMPLEO, de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliábeis mediante xuízo de valor e das proposicións avaliábeis mediante fórmula, de datas 31 de xullo e 9 de setembro de 2019, respectivamente.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar a INTEGRA MANTEMENTO XESTIÓN E SERVIZOS INTEGRADOS CENTRO ESPECIAL DE EMPLEO o procedemento aberto para a contratación de servizos auxiliares necesarios para o funcionamento dun aula de estudo sita no edificio auditorio-Pazo de Congresos (23.062-332) por un prezo total de 141.106,61 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 24.489,58 euros, e co seguinte detalle:

- A parte fixa que engloba os custos laborais derivados dos servizos fixos que se prestan todo o ano, dos medios e materias necesarios para a prestación do servizo e os de xestión/organización ascende a 118.354,61 euros, sendo o importe correspondente ao IVE de 20.540,88 euros.*
- A parte variable constituída polos custos laborais derivados da prestación de servizos por incremento do horario da sala de estudos, e de servizos de conserxería en relación a eventos (900 horas/ano) ascende a 22.752,00 euros, sendo o importe correspondente ao IVE de 3.948,69 euros.*

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

14.- Dar conta da interposición/resolución de recursos

a) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de limpeza da Casa Consistorial e outras instalacións e dependencias do Concello de Vigo (81-441) (recurso especial en materia de contratación interposto por LIMPIEZAS FARO, S.L. contra o acordo da Mesa de Contratación de exclusión da súa oferta)

Dáse conta do recurso nº 228/2019 interposto por D. MIGUEL ÁNGEL CASARES GONZÁLEZ, en representación de “LIMPIEZAS FARO, S.L.”, contra a súa exclusión nesta contratación, así como da resolución nº 218/2019 do Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia (TACGAL) pola que se desestima o referido recurso.

Non tendo máis asuntos que tratar, a presidenta declara finalizada a sesión ás 11:15



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 19/04/2024 03:35	Páxina 11 de 12
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AEAH4H-582C2H-2H37E5-MMQBQH-PFERXN-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

horas. De todo o tratado eu secretaria dou fe.

(Documento asinado dixitalmente polos membros da Mesa asistentes a esta sesión)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 19/04/2024 03:35	Páxina 12 de 12
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AEAH4H-582C2H-2H37E5-MMQBQH-PFERXN-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		